

SVV/ mib

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023045215
ASUNTO	PROGRAMA "PROVINCIA ACTIVA" 2024
TRÁMITE	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ENTIDADES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

A deputada delegada de Benestar Social, en aplicación da Resolución presidencial número 2023006130, de 2 de agosto, e da número 2023006250, de 8 de agosto de 2023, sobre delegación de atribucións da presidencia, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS**

1.º A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, organiza actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas no ámbito da educación non regrada, a través de distintos obradoiros, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo.

Neste contexto, o pasado 19 de xaneiro de 2024 publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) número 14 a convocatoria do programa "Provincia activa" 2024, na que se ofertan 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.

2.º Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o pasado 26 de febreiro, e despois de revisalas e tramitalas, de acordo co previsto na base décima da convocatoria e en virtude das competencias delegadas pola Presidencia por Resolución presidencial número 2023006130, de 2 de agosto, e a número 2023006250, de 8 de agosto de 2023, e, consonte a



todo o exposto, segundo o establecido no artigo 36.1 d, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 109.1 d, da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a relación provisional de entidades admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, que figura no expediente, con CSV: UoCFHPNUZQzLoAF5.

Segundo. Publicar a mencionada relación provisional, xunto coas causas de exclusión, no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Terceiro. Así mesmo, de conformidade co establecido na base décima, unha vez publicada a lista provisional concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este prazo, publicarase a listaxe definitiva de entidades admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

As instancias para emendar os motivos de exclusión deberán presentarse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Asinado dixitalmente na marxe

